



## SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE CULLEREDO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

Por unha banda, Manuel Rodríguez Vázquez, director xeral de Defensa do Monte, segundo o Decreto 196/2020, do 26 de novembro (*Diario oficial de Galicia* (DOG) núm. 240 do 27.11.2020), polo que se dispón o seu nomeamento; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23.11.2015).

Da outra, José Ramón Rioboo Castro, alcalde da entidade local de **CULLEREDO**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos desta addenda.

### EXPOÑEN:

1º. O 20.12.2018 o Consello da Xunta de Galicia autorizou o modelo tipo de convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

2º. O seu obxecto é acordar a participación e colaboración, entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local correspondente, no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos que se inclúen neste convenio.





**3º.** No ano 2019 a Consellería do Medio Rural e un total de 268 entidades locais de Galicia asinaron o convenio interadministrativo para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

En data 27.06.2019 a Consellería do Medio Rural e a entidade local de CULLEREDO asinaron o convenio interadministrativo para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

**4º.** Segundo o establecido na cláusula vixésimo sexta, o convenio poderá ser obxecto de modificacións ou prórrogas para os anos 2020, 2021 e 2022 xustificadas trala tramitación da necesaria addenda e seguindo todos os trámites necesarios para a súa oportuna formalización.

**5º.** O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de novembro de 2019 autorizou a sinatura da primeira addenda aos convenios interadministrativos subscritos entre a Consellería de Medio rural e as entidades locais pola que se prorroga ata o 31 de decembro de 2020 a participación das entidades locais de Galicia na prevención e defensa contra incendios forestais. Dos 268 Concellos que asinaron o convenio, formalizaron a addenda para prorrogar o mesmo 262 concellos.

**6º.** Posteriormente á sinatura da primeira addenda ao convenio, asináronse as segundas addendas con 24 entidades locais que manifestaron o seu interese en modificar a súa participación na prevención e defensa contra os incendios forestais, incrementando ou modificando os termos da súa participación no ano 2020.

**7º.** Considérase agora necesario tramitar unha segunda addenda que tería como finalidade: compensar ás entidades locais polos gastos extraordinarios que tiveron que asumir para a prestación deste servizo pola aplicación das medidas preventivas derivadas do Covid-19, establecer un réxime de anticipos para as cantidades adicionais que se incrementan por este motivo, substituír determinados controis administrativos e sobre o terreo aplicables a estas axudas, por calquera medio documental suficiente que permita extraer conclusións definitivas e ampliar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021.






7º.1. Para compensar os maiores custos económicos que, de forma extraordinaria, para dar cumprimento ás medidas preventivas derivadas do Covid-19, asumiron as entidades locais que teñen asinados convenios que inclúen accións de actuacións dos vehículos motobomba na defensa contra incendios forestais e das brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa, para o ano 2020, incrementábase, o importe asignado ás devanditas accións nas seguintes cantidades adicionais:

- a) 500,00 euros polo feito de contar cun vehículo motobomba conveniado durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente estea adherida ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.
- b) 400,00 euros polo feito de contar cun vehículo motobomba conveniado durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente non estea adherida ao devandito Convenio.
- c) 1.600,00 euros polo feito de contar cunha brigada conveniada durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente estea adherida ao devandito Convenio.
- d) 1.400,00 euros polo feito de contar cunha brigada conveniada durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente non estea adherida ao devandito Convenio.

7º.2. A Consellería do Medio Rural, tendo en conta o anterior, así como o impacto sen precedentes ocasionado pola pandemia do Covid-19, tanto desde a perspectiva sanitaria como socioeconómica, inclúe así mesmo nesta addenda un pagamento anticipado de ata un 100% das cantidades adicionais que se incrementan para este ano 2020. Modifícase con este fin a cláusula décimo cuarta e décimo sexta do convenio, a través das cláusulas segunda e terceira desta addenda.

7º.3. A Consellería do Medio Rural, co fin de garantir a máxima eficacia e eficiencia na súa xestión, dada a especial vulnerabilidade do sector agrario ás perturbacións económicas provocadas pola pandemia do Covid-19, e poder así contribuír a afrontar as dificultades financeiras e problemas de liquidez no sector, considerou imprescindible axilizar o pagamento das subvencións cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Con ese obxecto, baseado no Regulamento de execución (UE) 2020/532 da Comisión, do 16 de abril de 2020, que establece excepcións, para o





ano 2020, aos regulamentos de execución (UE) nº 809/2014, (UE) nº 180/2014, (UE) nº 181/2014, (UE) 2017/892, (UE) 2016/1150, (UE) 2018/274, (UE) 2017/39, (UE) 2015/1368 e (UE) 2016/1240, no que se refire a determinados controis administrativos e sobre o terreo aplicables no marco da política agrícola común, mediante a presente addenda, establécese a posibilidade, cando non sexa posible realizar unha visita ao lugar da operación obxecto de axuda ou á localización do investimento para comprobar a súa realización antes de conceder os pagamentos finais, de substituír as devanditas visitas, mentres as medidas antes citadas sexan de aplicación, por calquera medio de proba documental suficiente, incluídas as fotografías xeorreferenciadas, que achegue o beneficiario e que permitan extraer conclusións definitivas, xunto coa presentación dunha declaración responsable do beneficiario da axuda en que manifieste que levou a cabo o proxecto subvencionado.

Deste xeito, para a anualidade de 2020, no caso das entidades locais que subscribiron convenios que inclúen accións de actuacións en materia de prevención de incendios forestais cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, existe a posibilidade de substituír as devanditas visitas, pola achega de fotografías xeorreferenciadas por parte dos beneficiarios, xunto coa presentación dunha declaración responsable do beneficiario da axuda na que manifieste que levaron a cabo de conformidade as obras financiadas. Con este fin, a través das cláusulas cuarta e quinta da presente addenda modifícanse, con efecto para a anualidade de 2020, as cláusulas décimo sétima (xustificación dos traballos a presentar pola entidade local en materia de prevención (Feader)) e décimo oitava (Actuacións de comprobación por parte da Consellería), do convenio.

7º.4. Así mesmo, procede prorrogar o convenio para continuar cooperando coas entidades locais en materia de prevención e extinción de incendios durante o ano 2021.

Esta prórroga xustifícase pola necesidade de planificar correctamente e de dar continuidade a medio prazo ás accións de prevención de incendios e vixilancia e extinción destes, polas entidades locais.

Por todo iso, as partes acordan asinar a presente addenda de acordo coas seguintes

#### **CLÁUSULAS:**





**PRIMEIRA.** Modifícase a cláusula duodécima, que queda redactada como segue:

**DUODÉCIMA. GASTOS SUBVENCIONABLES NAS ACCIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN (FONDOS PROPIOS)**

1. Son gastos subvencionables na acción de actuación de vehículos motobomba aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade do/s VMB/s ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal, o funcionamento e mantemento dos vehículos motobombas, dos recoñecementos médicos e probas de esforzo, dos cursos de formación, así como da subministración de EPIs de extinción e ferramentas de extinción.

Pola operatividade de cada vehículo motobomba abonaranse 4.785,00 euros/mes.

Exclusivamente para o ano 2020, para compensar os maiores custos económicos que, de forma extraordinaria, para dar cumprimento ás medidas preventivas derivadas do Covid-19, asumiron as entidades locais, os devanditos importes incrementaranse nas seguintes cantidades fixas, que se aboarán en concepto de anticipo, de conformidade co establecido na cláusula décimo cuarta relativa aos pagamentos anticipados de acordo coa modificación contida nesta addenda, independentemente do número de meses de operatividade conveniadas:

- a) 500,00 euros polo feito de contar cun vehículo motobomba conveniado durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente estea adherida ao devandito Convenio.
- b) 400,00 euros polo feito de contar cun vehículo motobomba conveniado durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente non estea adherida ao devandito Convenio.

2. Son gastos subvencionables na acción de actuación de brigadas en labores de vixilancia e extinción aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade das brigadas ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal, o funcionamento e mantemento de vehículos de transporte, dos recoñecementos médicos e probas de esforzo, dos cursos de formación, así como da subministración de EPIs de extinción e ferramentas de extinción (batelumes, pulaskis, etc).





Polas labores de vixilancia e extinción da brigada de prevención e defensa, dependendo do número de integrantes da brigada, para os tres meses de campaña abonarase un máximo de:

- a) Brigadas de 4 compoñentes: once mil catrocentos oitenta e un euros con catro céntimos (11.481,04 euros).
- b) Brigadas de 5 compoñentes: quince mil novecentos trinta e catro euros con sesenta e dous céntimos (15.934,62 euros).

Exclusivamente para o ano 2020, para compensar os maiores custos económicos que, de forma extraordinaria, para dar cumprimento ás medidas preventivas derivadas do Covid-19, asumiron as entidades locais, os devanditos importes incrementaranse nas seguintes cantidades fixas, que se aboarán en concepto de anticipo, de conformidade co establecido na cláusula décimo cuarta relativa aos pagamentos anticipados de acordo coa modificación contida nesta addenda, independentemente do número de compoñentes das brigadas:

- a) 1.600,00 euros polo feito de contar cunha brigada conveniada durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente estea adherida ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.
- b) 1.400,00 euros polo feito de contar cunha brigada conveniada durante a campaña de 2020, nos casos nos que a entidade local correspondente non estea adherida ao devandito Convenio.

3. O incremento dos importes contemplados nesta cláusula financiarase, para a anualidade de 2020, pola Consellería do Medio Rural, segundo o descrito na cláusula sétima desta addenda (que modifica o anexo I do convenio) para cada entidade local, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.761.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.





**SEGUNDA.** Modifícase a cláusula décimo cuarta, que queda redactada como segue:

#### DÉCIMO CUARTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

1. A Consellería poderá realizar un pagamento anticipado de ata un 90% para accións de operatividade de motobombas e labores de vixilancia e extinción de brigadas á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e previo envío, por parte do distrito forestal, do informe favorable da operatividade de:


- a) O/s VMB/s no que se reflectirá, cando menos; matrícula, nomes do persoal encargado do manexo do/s VMB/s, con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto, equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o anexo II, equipamento mínimo para o/s VMB/s, segundo estipula o anexo II, facendo constar ademais que están ao corrente en toda a documentación deste/s e finalmente indicará a data de inicio e operatividade do/s VMB/s. Tamén se reflectirá que se compren as estipulacións do convenio en canto ao recoñecemento médico, probas de esforzo e curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais.
- b) Operatividade das brigadas, no que se reflectirá, cando menos; nomes do persoal que a compoñen, coa desagregación entre o xefe de brigada (como responsable) e os restantes compoñentes, verificación das probas físicas, recoñecemento médico, formación, vehículo empregado, EPIs e ferramentas e finalmente indicará a data de inicio e operatividade da brigada.

2. Este anticipo poderase minorar en función do manifestado no informe de operatividade de motobombas e brigadas en relación co número de membros co que se constitúe a brigada ou a operatividade parcial das motobombas.

3. Así mesmo, a Consellería poderá realizar un pagamento anticipado de ata un 100% das cantidades adicionais que se incrementan para a anualidade de 2020 por medio desta addenda e que se contemplan na cláusula duodécima. A estes efectos, a sinatura da presente addenda por parte da entidade local de CULLEREDO terá a consideración de solicitude do devandito anticipo.

4. A xustificación dos anticipos establecidos realizarase coa documentación xustificativa do pagamento final. Porén, a xustificación dos anticipos do 100% dos pagamentos adicionais para a anualidade 2020 establecidos no punto 3 terán como prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2020.





**TERCEIRA.** Modifícase a cláusula décimo sexta, que queda redactada como segue:

**DÉCIMO SEXTA. XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS A PRESENTAR POLA ENTIDADE LOCAL EN MATERIA DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN (FONDOS PROPIOS)**

1. Para proceder ao pagamento final dos gastos derivados das accións de defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba e de vixilancia e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas, a entidade local deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:

- a) Certificación relativa ao cumprimento da finalidade do convenio e aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.
- b) Unha relación dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, distinguindo os gastos imputables ao primeiro pagamento, a modo de anticipo, no caso de telo percibido, do resto de gastos.
- c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local con anterioridade á finalización do período de xustificación.

3. A entidade local deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

4. Para a xustificación das cantidades adicionais que se incrementan para a anualidade de 2020, segundo o establecido nos puntos 1 e 2 da cláusula duodécima modificada pola presente addenda, será preciso acreditar o número de vehículos motobomba e de brigadas que, por cada entidade local, estiveron operativas na campaña de 2020. A tal efecto, os Servizos de Prevención de Incendios Forestais das Xefaturas Territoriais da Consellería certificarán que número delas estiveron operativas, restando do número contemplado inicialmente en cada convenio os vehículos motobomba e brigadas obxecto de renuncias por parte das entidades locais.







**CUARTA.** Modifícase a cláusula décimo sétima, que queda redactada como segue:

**DÉCIMO SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS A PRESENTAR POLA ENTIDADE LOCAL EN MATERIA DE PREVENCIÓN (FEADER)**

1. Para proceder ao pagamento final dos gastos derivados das accións de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e prevención contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas a entidade local deberá presentar a seguinte documentación xustificativa, conforme a instrución AX06 2014-2020 “Xustificación do gasto e pago nas axudas en forma de reembolso de custos subvencionables”, elaborada pola autoridade de xestión:

- a) Solicitud de pagamento.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Declaración relativa ao cumprimento da finalidade do convenio en materia de prevención contra incendios forestais e a aplicación dos fondos necesarios para a execución desta parte do convenio.
- d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio en materia preventiva detallando a superficie mecanizada obxecto de actuación. Ditas superficies deberán ser obrigadamente aquelas aprobadas no Programa de actuación previamente preparado e aprobado.
- e) Memoria económica xustificativa do convenio en materia preventiva.
- f) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, número de factura, e importe sen imposto sobre o valor engadido (IVE), importe con IVE, data de emisión da factura, data de pagamento e documento acreditativo do pago. O IVE non será subvencionable con Feader, debendo soportalo o propio beneficiario. Os documentos acreditativos do pago deberán reflectir, polo menos, a seguinte información:
  - i. O pagador ou ordenante do pago, que deberá coincidir exactamente co beneficiario da subvención.
  - ii. O perceptor do pago, deberá coincidir co emisor da factura.
  - iii. A data efectiva de saída ds fondos, que deberá coincidir co emisor da factura.





- iv. O importe.
  - v. O concepto.
  - vi. A factura obxecto de pagamento.
- g) Nóminas e gastos de seguridade social xustificados mediante os documentos TC1 (cotizacións que corresponden á empresa e aos traballadores) e TC2 (relación nominal de traballadores coas súas bases de cotización, bonificacións, deducións e outros beneficios deducibles). Os devanditos impresos desaparecerán de xeito progresivo pola incorporación ao sistema de liquidación directa de cotas dos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar.
- h) A intensidade de axuda ascenderá a:
- i. 100% para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado. Cun importe máximo por hectárea de: 130,10 €/ha. O importe máximo é o reflectido no punto 2b do anexo I.
  - ii. 100% para os tratamentos preventivos de xeito manual. Cun importe máximo de 11.250 €/brigada cada ano. Variando o importe máximo por hectárea segundo diámetro basal da matogueira e pendente do terreo.
- i) No caso de que a entidade local contrate con empresas do sector as accións de realización de tratamentos preventivos e a actuación de brigadas, independentemente das obrigas dispostas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles; o feito de que o financiamento das actuacións sexan con fondos europeos Feader, impón, consonte o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014 no que se establecen disposicións relativas aos controis, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. Por tanto a exigencia de solicitude dun mínimo de tres ofertas aplicarase independentemente da contía de licitación.
- j) No suposto de custo por execución de obra ou servizo o beneficiario deberá achegar a xustificación de ter solicitado como mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades. Esta xustificación poderá realizarse mediante a acta de apertura da licitación e a





resolución de adjudicación da mesma ou a remisión das ofertas solicitadas. A elección entre as ofertas presentadas deberá recaer na máis económica, xustificando debidamente unha memoria a elección noutro senso.

- k) Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados. A orde destes documentos deberá ser, na medida do posible, a mesma que a da relación clasificada de gastos e investimentos da actividade.

2. A entidade local deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

3. Para a anualidade de 2020, a Consellería do Medio Rural, para aquelas entidades locais que á data da sinatura desta addenda non tiveran presentado a documentación anual xustificativa conforme ao establecido no punto 2 da cláusula décimo quinta, aceptará como proba documental a seguinte documentación:

- Nomeamento dun/dunha persoa con capacidade técnica suficiente como director/a das obras ou director facultativo/directora facultativa das mesmas pola persoa representante da entidade local.
- Certificación fin de obra/de traballos emitido polo/pola director/a das obras ou polo/pola director facultativo/directora facultativa indicando que as obras/os traballos foron executados de conformidade, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, que deberá coincidir co Programa de Actuación Preventiva aprobado pola Comisión de Seguimento.
- Declaración responsable da persoa representante da entidade local indicando que na execución dos traballos se cumpriu con todos os condicionantes e requisitos establecidos no Convenio, así como coa normativa de aplicación.
- Reportaxe fotográfica con fotografías xeorreferenciadas.

Coa devandita documentación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra en materia de prevención das aprobadas.





**QUINTA.** Modifícase a cláusula décimo oitava, que queda redactada como segue:

#### DÉCIMO OITAVA. ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA

1. En materia de actuación de VMB/s a Consellería emitirá unha certificación expedida por dous funcionarios responsables do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, modificarase á baixa o pagamento da cantidade comprometida no convenio. Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

- a) Para o día de inoperatividade da motobomba descontarase: 159,50 euros/día.
- b) Para o día de inoperatividade dun membro de brigada de 5 compoñentes descontarase: 35,41 euros/xornal.
- c) Para o día de inoperatividade dun membro de brigada de 4 compoñentes descontarase: 31,89 euros/xornal.

2. En materia de actuación de brigadas para labores de vixilancia e extinción de incendios, a consellería emitirá unha certificación expedida por dous funcionarios responsables do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, acordarase a modificación á baixa ou a falta de pagamento da cantidade comprometida no convenio. Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicta que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ó total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

3. En materia de prevención contra incendios (mecanizada e manualmente), para a anualidade de 2020, a Consellería do Medio Rural aceptará como proba documental a seguinte documentación:

- Nomeamento dun/dunha persoa con capacidade técnica suficiente como director/a das obras ou director facultativo/directora facultativa das mesmas pola persoa representante da entidade local.





- Certificación fin de obra/de traballos emitido polo/pola director/a das obras ou polo/pola director facultativo/directora facultativa indicando que as obras/os traballos foron executados de conformidade, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, que deberá coincidir co Programa de Actuación Preventiva aprobado pola Comisión de Seguimento.
- Declaración responsable da persoa representante da entidade local indicando que na execución dos traballos se cumpriu con todos os condicionantes e requisitos establecidos no Convenio, así como coa normativa de aplicación.
- Reportaxe fotográfica con fotografías xeorreferenciadas.

Coa devandita documentación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra en materia de prevención das aprobadas.

O establecido nos parágrafos anteriores non exclúe a posibilidade de que a Consellería do Medio Rural leve a cabo, na porcentaxe que estableza, aquelas comprobacións no terreo que considere oportunas a efectos de verificar que os traballos se levaron a cabo de conformidade á documentación achegada.

4. En materia de prevención contra incendios (mecanizada e manualmente), para a anualidade de 2021, a Consellería do Medio Rural emitirá certificación expedida por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección previa, en materia dos traballos de prevención de incendios na cal se indique se as obras realizadas foron executadas de conformidade, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co Programa de Actuación aprobado pola comisión de seguimento. Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra en materia de prevención das aprobadas.

5. No caso de que o importe xustificado pola entidade local coa notificación de remate dos traballos, supere en máis dun 10% o importe da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, reducirase a subvención a percibir resultante da comprobación final, coa diferenza entre ambos importes. Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

6. O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo





que se establecen as disposicións de aplicación do regulamento (CE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Emitirase certificación expedida na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

7. Teranse en conta os criterios xerais ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria na Circular de coordinación 32/2017 relativa aos Criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe á circular de coordinación 23/2015. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 8/2018 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe a Circular de coordinación 22/2015.

8. A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar tanta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

**SEXTA.** Modifícase a cláusula vixésimo oitava, que queda redactada como segue:

#### VIXÉSIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Ampliación do prazo de vixencia do convenio.

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021.





**SÉTIMA.** Modifícase o anexo I, que queda redactado como segue:

**ANEXO I. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS A EXECUTAR POLA ENTIDADE LOCAL DE CULLEREDO, NO MARCO DESTA CONVENIO DURANTE OS ANOS 2020 E 2021**

A entidade local comprométese ao desenvolvemento das seguintes accións durante os anos 2020 e 2021:

1. Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 0 vehículo/s motobomba/s durante 0 meses, coa/s matrícula/s (sen matrícula).

- a) Nº de motobombas: 0
- b) Axuda máxima: 4.785,00 euros/mes e motobomba
- c) Total axuda máxima: **0,00 euros**
- d) Anticipo (90%): 0,00 euros
- e) Restante (10%): 0,00 euros


2. A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en 40,00 hectáreas.

- a) Axuda máxima: 130,10 euros/ha
- b) Total axuda máxima: **5.204,00 euros**

3. A contratación durante 3 meses de 0 brigadas, de 0 operarios cada unha, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de ata un máximo de 10,0348 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.

- a) Axuda máxima vixilancia/defensa: euros/brigada
- b) Total axuda máxima vixilancia/defensa: **0,00 euros**
- c) Anticipo (90%) vixilancia/defensa: 0,00 euros
- d) Restante (10%) vixilancia/defensa: 0,00 euros
- e) Axuda máxima prevención: 11.250,00 euros/brigada
- f) Total axuda máxima prevención: **0,00 euros**
- g) Total axuda en materia de labores brigada (b+f): **0,00 euros**





4. Con aplicación exclusiva para a anualidade de 2020, adquisición de equipamento e material de protección e hixiénico, de adaptación de espazos e vehículos e calquera outros derivados do cumprimento das medidas preventivas derivadas do Covid-19.

- a) Axuda máxima: 400,00 euros por cada vehículo motobomba
- b) Axuda máxima: 1.400,00 euros por cada brigada
- c) Total axuda máxima por compensación Covid-19: **0,00 euros**
- d) Anticipo (100%)

En síntese, para a **anualidade de 2020** o convenio financiarase pola Consellería do Medio Rural cunha contía de **5.204,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, agás a compensación polo cumprimento das medidas preventivas derivadas do Covid-19, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.761.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. O importe anual desagregado segundo a natureza dos fondos e código de proxecto en dita aplicación orzamentaria será a seguinte:

- a) Aplicación 14.02.551B.760.0 (código de proxecto 2011 00771 - Fondos propios da CA): **0,00 euros**
- b) Aplicación 14.02.551B.760.0 (código de proxecto 2016 00212 – Feader): **5.204,00 euros**
- c) Aplicación 14.02.551B.761.0 (código de proxecto 2011 00771 - Fondos propios da CA): **0,00 euros**

Para a **anualidade de 2021** o convenio financiarase pola Consellería do Medio Rural cunha contía de **5.204,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. O importe anual desagregado segundo a natureza dos fondos e código de proxecto en dita aplicación orzamentaria será a seguinte:

- a) Aplicación 14.02.551B.760.0 (código de proxecto 2011 00771 - Fondos propios da CA): **0,00 euros**
- b) Aplicación 14.02.551B.760.0 (código de proxecto 2016 00212 - Feader): **5.204,00 euros**







## OITAVA. Orzamento para a anualidade de 2021

1. Os custos das accións para desenvolver o convenio na anualidade de 2021 repartiranse entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local.

2. A Consellería do Medio Rural achegará, para a anualidade de 2021, un importe máximo de 10.578.162,45 euros para todas as entidades locais de Galicia que subscriban a prórroga do convenio. O devandito importe máximo repartirase entre os seguintes proxectos:

- 2011 00771: 5.466.663,70 euros
- 2016 00212: 5.111.498,75 euros

3. O convenio financiarase, para a anualidade de 2021, pola Consellería do Medio Rural, segundo o descrito no parágrafo final do anexo I do convenio, modificado pola cláusula sétima desta addenda, para cada entidade local, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

4. A parte correspondente a cada entidade local será efectuada directamente por cada entidade local, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponda.

En todo o non modificado expresamente por esta addenda, seguirá sendo de aplicación o establecido no Convenio.

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O conselleiro do Medio Rural  
P.D. O director xeral de Defensa do Monte  
Orde do 17.11.2015 (DOG núm. 223 do 23.11.2015)  
Manuel Rodríguez Vázquez  
Asinado dixitalmente

O alcalde de CULLEREDO  
  
  
José Ramón Rioboo Castro



